

BOLETÍN MUNICIPAL

Máis Información

nº 2 | ano 2012

Concello de Salceda de Caselas

Concello de
Salceda
de Caselas

Saúda do Alcalde

Marcos David Besada Pérez

Son dos que cre que o dereito á información garante a liberdade de pensamento e, o máis importante de todo, sen dereito á información tampouco podería exercerse o control por parte dos cidadáns da xestión pública.

Se ás persoas se lles nega o acceso á información, se lles veda expresar os seus sentimentos ou se lles priva do seu dereito de emitir ou coñecer opinións; estariamos cometendo unha flagrante violación dos vosos dereitos.

O Boletín Municipal que tes nas túas mans naceu con esta vocación: o Goberno Municipal, que xestiona os intereses públicos de todas e de todos, ten a obriga de informar aos veciños e veciñas, xa que sodes vos quen sufraga cos impostos as políticas a executar.

Entre todos e todas, coñecendo de primeira man o noso traballo, tantas veces descoñecido e en silencio, imos ser quen de superar a mala situación económica e social que estamos a atravesar... Especialmente as familias que neste momento están a sufrir a maior consecuencia da crise: o paro.

Dende o Concello estamos a multiplicar esforzos nas políticas sociais que permitan axudar aos veciños e veciñas que están a pasar por dificultades. Construíndo a Salceda de Caselas que desexamos con dúas ferramentas fundamentais nestes momentos difíciles: esforzo e imaxinación.

Construíndo Salceda de Caselas gran a gran, entre todos e todas; como Alcalde só podo facer miñas as sabias verbas da nai Teresa de Calcuta: "Non podo parar de traballar, terei toda a eternidade para descansar".

Con este obxectivo, coa responsabilidade que depositei no equipo de persoas que me acompañan, desexo que este boletín sexa do voso agrado, e tamén transmitirvos un saúdo esperanzador a todas e a todos.

Índice

3 Entroido 2012

6 Máis Esforzos

8 Máis Concello

10 Máis Infancia

11 Nadal 2012

12 Máis Enerxía

16 Máis Natural

EDITA
Concello de Salceda de Caselas

COORDINACIÓN E FOTOGRAFÍA
Gabinete de prensa do Concello de Salceda de Caselas

DESEÑO E MAQUETACIÓN
magenta axencia de publicidade

IMPRESIÓN
Bolfer Artes Gráficas

D.L. VG 659-2010

Entroido 2012

Dende 1999 o domingo de Entroido vén collendo máis forza cada ano, reunindo no 2012 a máis de 600 participantes desfilando polas rúas de Salceda.

A Cincenta de Malvas



Os picapedra de Picoña

Comparsa máis festeira

Carroza máis elaborada



Brancaneves, os ananos e demáis familia

Moulin Rouge de Soutelo

Mellor coreografía

Tema máis orixinal

Mellor vestiario

Carroza máis orixinal

Golfos, xestionando a crise

Coplas máis divertidas

Centro Cultural de Pontellas

O mundo Disney de San Xurxo

Coplas con mellor posta en escena

Banda escocesa de gaitas San Xoán de Paramos

Mellor música en directo

Escola Infantil A Galiña Azul de Carregal (Tomiño)

Facemos un repaso á historia do Entroido máis tradicional de Salceda, que cada ano enfronta á Feira e a Castro Barreiro, a través das vivencias dalgúns dos seus protagonistas.

Rogelio Ojea (Barreiro)

Era fundamental que as pezas de música que se levaban aquí non as soubesen na Feira, porque senón xa eles ían descubríndoas e tocándoas por aí. Daquela inventabamos a música, non como agora que collen un disco e tocan o mesmo. Os que eramos músicos faciamos os arranxos, e facíanse letras tamén, porque daquela as mozas da comparsa ían cantando. Foi unha pena que iso se perdese.

Rogelio

As comparsas ensaiaban de noite en sitios escondidos, e moi baixiño para que non nos escoitasen os da Feira. De todas formas, como as pezas eran inventadas, era moi difícil que eles as collesen, había que ter un oído moi bo.

Concepción González (Barreiro)

Como non había cartos para ir mercar telas as saias faciámolas con sabas brancas. No Barreiro colliámolas de esquina para facelas tipo acampanadas, pero na Feira non deran coa táctica, facíanas fruncidas e parecían un feixe coa saba arredor delas.

Concepción

Florentina

Florentina Troncoso (Barreiro)

Armabamos como un taller para facer as roupas. Non se mercaba nada, facíase todo coas sabas brancas e con cousas que puidésemos ir conseguindo: flores, papel,... Cando remataba o carnaval as sabas volvían para a cama.

Hermenegildo

Hermenegildo Veloso (Barreiro)

Xuntábanse os dous ranchos, cada un con bombeiro, caixeiro e gaiteiro. Arrimábase un ao outro a ver cal facía máis ruído para enganar aos danzantes do rancho contrario. Os nosos confundían case sempre aos da Feira e facíanos parar e volver empezar. O domingo saían na Esfarrapada e o martes saían pola parroquia.

Remedios


Antonio

Remedios Carballido (Barreiro)

Nós para ir na comparsa vestiámonos con roupas antigas. Iamos á casa dos señores máis ricos a pedirlles roupas, sobre todo na parroquia da Picoña. As carrozas eran unha especie de tarima que levaban catro, seis ou oito persoas, dependendo do peso. Despois pasaron a ser os carros de bois e despois os tractores, pero as primeiras eran tarimas levadas pola xente.

Antonio Troncoso (Barreiro)

Un ano chegamos á Esfarrapada e atopámonos co seu rancho. Nós escapamos pola estrada arriba ata o cuartel. Chegamos ao cuartel e eles viñan atrás nosa. Nós marchamos ata o campo de fútbol. E alí xa non houbo remedio; un rancho dun lado e o outro doutro e veña a ver quen tocaba máis forte. Botamos así unha media hora. Estaban os dous bombeiros de costas un contra o outro, cada un puxando para un lado. O noso bombeiro conseguiu entrar no medio do seu rancho e eles enganáronse, o cal foi unha vergoña para eles. Rematamos cansadísimos, eu xa non aguantaba máis, tiña 13 anos.

Máis Festa

Natalia González (A Feira)

O ano de Xan das Canicas eu viña preparada para a comparsa e cheguei alí adiante, viróuseme un pé e rompín un zapato, e non tiña outros. Marchei á casa e vin cunhas tamancas moi limpiñas e como a saia era longa tapábamas e non se notaba. A costa de Nouche era a que separaba os dous barrios. Había algunhas que se puñan aí a berrar e non había quen se atrevese a pasar por alí.

Florencio Fernández (A Feira)

No 1930 os da Feira acordaron facer un gran barco de guerra montado sobre un carro do país, o cal equiparon cun canón que apuntaba cara ao Barreiro e un bidón en forma de cheminea botando lume. A carón do barco ía o exército nacional encabezado polo xeneral en busca do inimigo para a gran batalla, mentres que o outro exército permanecía agochado para o combate. O enfrontamento entre o bando nacional e os mouros foi tal que a xente que estaba no Entroido do Barreiro, cando viu a que se estaba a montar na Feira, escapou toda a ver o que acontecía e deixou o torreiro do Barreiro baleiro.

Jose Acuña (A Feira)

No Barreiro tapaban a poza que hai por debaixo do centro cultural e botaban uns foguetes de auga moi bonitos, aínda que de pouca potencia porque a poza era pequena. Un da Feira foi de noite e furou a poza para que non puidesen facer o espectáculo. Case afoga.

Outro ano cortámoslle a luz na volta de Melchor. Había un pau alto, subimos e cortamos, e fundiuse todo, pero tanto no Barreiro como na Feira. Pero na Feira tiñamos contratadas unhas baterías fortes e ao cuarto de hora xa había luz, pero no Barreiro tardou unha hora. Aquilo foi para rematar no cárcere.



Divina González (A Feira)

Naqueles anos estabamos alí no Barreiro os dous, que eramos mozos, e máis xuventude dos dous barrios, e algún de fóra soubo que eu era dun barrio e el do outro, e estrañábase que a pesar desas porfías, desa rivalidade que había, estivésemos unidos; parecíalles imposible.

Silveria González (A Feira)

Cando chega o carnaval todo o mundo anda caladiñamente, incluso hai mozas que teñen o mozo no Barreiro e nada. De parte a parte están moi caladiños. Eu vin moitos anos disfrazada. Recordo que un ano traía unha saia feita dun lenzo da tea e bailando a ribeirana caeume a saia e quedei cuns calzoncillos que eran do meu home. Eu con nove ou dez anos xa fun nunha carroza feita de madeira. Levaba as rodas de loureiro, e como non podía coa xente os danzantes tiñan que ir polo chan, que normalmente ían na carroza. O primeiro ano que houbo altavoces había un da Picoña que dicía "mentres non saia o home que está aí dentro eu non marcho de aquí".

Rudesinda González (A Feira)

No martes de carnaval, aínda que estaba prohibido, nós xuntabámonos igual na Feira. Non había orquestra, pero cantabamos e bailabamos para celebrar o día. Os do Barreiro denunciáronnos e apareceu a Garda Civil. Tivemos que pagar 75 pesetas de multa cada veciño. Moitos quedaron rabiando contra os do Barreiro, porque despois de todo eles se non facían nada era porque non querían, que nós nin tiñamos orquestra sequera, que era unha xuntanza pequena. Foi no ano 1942.

Voluntariado traballando no Programa de Alimentos

Máis Esforzos

A Concellería de Benestar Social, ante a crise actual, considera unha necesidade poñer en marcha accións para paliar os moitos recortes que se están impoñendo dende distintas administracións. Dende o Concello debemos tomar todas as medidas posibles para axudar ás familias a afrontar esta situación.

A solidariedade é esencial para que o Banco de Roupa funcione

Programa de Alimentos

O Concello, a través do Convenio asinado con Cruz Vermella, vén traballando nos últimos tempos co Programa de Alimentos. O procedemento a seguir realízase a través dunha instancia na que se solicitan datos económicos e laborais, entregando así alimentos ás familias que cumpran cos requisitos para acceder a este servizo. As solicitudes presentaranse en Servizos Sociais ou na Concellería de Benestar.

Cabe destacar que este servizo non se podería levar a cabo sen a solidariedade das persoas voluntarias que prestan o seu tempo na organización do mesmo. Por outra banda, tamén está sendo importante a implicación daquela veciñanza que está aportando por iniciativa propia alimentos a este banco.

Banco de Roupa

Seguindo esta liña, e coa colaboración do grupo de voluntariado de Salceda (VOLSA), xa está en marcha o novo servizo do Banco de Roupa. As recollidas estanse realizando no edificio administrativo do Concello (Concellería de Benestar Social) de luns a venres de 9 a 14 horas. As entregas ás familias que o precisen faranse os primeiros luns e martes de cada mes, en horario de 9:30 a 11:30 horas.

Unha vez máis queda patente a solidariedade das persoas neste tipo de accións, xa que nas últimas semanas estase a recibir grande cantidade de roupa. Toda a información sobre este servizo está a disposición do público na Concellería de Benestar e nos Servizos Sociais do Concello.

Dende o Concello de Salceda de Caselas queremos denunciar os recortes que estamos a sufrir no ámbito dos Servizos Sociais, como consecuencia do drástico recorte da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia nesta área.

As reducións afectan a servizos esenciais para a nosa vila.

Salceda pon en marcha accións para afrontar os recortes da Xunta.

O recorte na Aula Matinal foi dun 67 %

A Xunta recorta arredor de 22.000 euros en programas sociais do Concello de Salceda de Caselas.

Axuda no Fogar

En relación á prestación básica da Axuda no Fogar a dependentes o recorte é de máis do 82%, xa que a aportación no exercicio 2011 foi de 3.555,51 euros, fronte aos 20.219 euros do ano 2010. O número de persoas afectadas é significativo, xa que os Servizos Sociais do Concello de Salceda xestionan a axuda a 12 dependentes que si teñen subvención, pero outras 26 persoas quedan afectadas polo recorte de fondos ao Concello.

Programas esenciais

No relativo aos outros servizos sociais, a Xunta está poñendo en perigo programas esenciais, xa que acaba de comunicar que non fará ningunha aportación para a xestión dos programas cos que se está a traballar dende servizos sociais nos últimos anos. Neste caso non é un recorte, senón a eliminación total das axudas para estes conceptos. A través destas axudas, xunto coas achegas do Concello, dáse emprego a persoas con discapacidade e tamén apoio psicolóxico a adolescentes e familias en situación de risco de exclusión social.

Dende o Concello imos tomar as medidas oportunas contra esta resolución, que vulnera a legalidade e a regulamentación do Plan Concertado, instando a Xunta de Galicia a restitución dos créditos eliminados e garantir as cantidades no 2012.

Aula Matinal

A Xunta de Galicia vén de recortarlle ao Concello de Salceda de Caselas a axuda para o servizo de Aula Matinal en máis dun 67%, pasando de 6.122,57 € de subvención no 2010 a 2.013 € no 2.011 . A Aula Matinal é un servizo ao que asisten unha media de 50 nenos e nenas dende as 7 ata a hora de entrada nos seus colexios. Para a posta en marcha do servizo contouse coa subvención da Xunta de Galicia, segundo a cal se estableceu unha cota de 15 € mensuais. Debido ao recorte da Xunta este 2012 a cota acadará os 25,5 €. A Concellaría de Ensino do noso Concello seguirá a financiar esta actividade cunha axuda aproximada de 2.000 € por curso. O Concello levaba un ano asumindo o recorte que fixo a Xunta de Galicia, pero a situación económica non permite máis e terán que ser as familias quen asuman os recortes.

Ao longo do ano 2012 a veciñanza disporá deste servizo



O saneamento dará servizo a máis de 130 vivendas e a zona industrial do Cerquido

Preto de 2.500 fogares e empresas de Salceda disporán de conexión directa á nova rede de cable da empresa R.

Máis de 4.000 veciños e veciñas da vila contarán cos servizos integrados de internet de banda ancha, telefonía fixa e móbil e televisión dixital interactiva. Salceda entrará no grupo de cidades e municipios galegos que dispoñen de conexión directa coa rede de telecomunicacións da última xeración que R está despregando na comunidade autónoma.

O proxecto conta cun investimento inicial de 173.735 euros e un prazo de execución de 6 meses, polo que estará rematado ao longo deste ano. O Concello e R puxeron en marcha un grupo de traballo para levar a cabo a execución do proxecto, que contempla a construción da rede de cable na totalidade das rúas da vila. O Xerente de Desenvolvemento da empresa R, Juan Antonio Barbero, sinalou que "a posta en marcha do proxecto de R en Salceda, apoiouse na plena disposición e colaboración do Concello de Salceda. Grazas á nova e potente rede de fibra óptica que R vai instalar, rúa a rúa, a veciñanza de Salceda poderá realizar chamadas gratuítas entre clientes de R, e de internet de alta velocidade por fibra óptica. Ademais, o novo servizo de televisión dixital interactiva con calidade de imaxe e son dixitais por fibra óptica emitirá máis de cen canais".

O saneamento de San Estevo de Budiño: o maior investimento en saneamento na nosa historia.

Pronto será unha realidade o saneamento de San Estevo de Budiño, xa que o Pleno do Concello celebrado en agosto aprobou por unanimidade e puxo a disposición da Consellería de Medio Ambiente os terreos necesarios para executar o proxecto. Agora mesmo estamos pendentes da licitación da Xunta de Galicia. Este proxecto supón o maior investimento en saneamento de Salceda e vai dar servizo á zona industrial do Cerquido; a unhas 130 vivendas dos barrios de Rubindo, O Coto, A Lomba, A Urgueira, Bouzapanda e O Cerquido. O custo estimado destas obras ascenden a 1.521.321 euros, conta con 5.852 metros de colectores e están financiadas por Augas de Galicia. Esta é unha obra importantísima para Salceda, xa que desta maneira quedará saneada a única zona industrial do Concello e que, dende hai anos, ten varias advertencias da Confederación Hidrográfica para cancelar os vertidos que se producían ao río Tinto e ao río Louro.

Paso a paso Salceda de Caselas dispón de servizos máis completos no centro e nas parroquias

Máis Concello

Internet en todas as parroquias de Salceda.

Hoxe en día é moi importante vincular o rural coas novas tecnoloxías para poder ter acceso á información, nunha realidade onde o acceso a internet é tan importante. Isto xa é posible nos últimos meses en Salceda grazas ao servizo de Wimax Rural que está incluído no proxecto Repoblar (Rede Pontevedra Banda Larga Rural). O servizo permite a conexión a internet independentemente da xeografía e topografía do terreo. Ademais preténdese realizar actividades informativas coas diferentes asociacións e centros culturais de Salceda, que terán lugar nas diferentes parroquias, informando aos veciños e veciñas sobre as vantaxes do servizo.

Máis de 4.000 persoas vanse beneficiar do proxecto de distribución de Gas Natural en Salceda.

O Concello autorizou o gaseoducto de Gas Natural Salceda-Salvaterra cun investimento de 1.443.583 euros no Concello de Salceda.

O ramal a executar ten comezo no colector Porriño-Tui sito no Alto do Cerquido e, a través dunha canalización de gas de 8.430 m., atravesará os lugares de Rega da Lama, Becerreira, Barral e Eido Vello (San Estevo de Budiño), Revolta e Pedrabuxiña (Parderrubias), Pedracarballa e Torrón (Entenza), ata o límite municipal con Salvaterra onde terá continuidade pola parroquia de Cabreira. As Comunidades de Montes de Entenza e Parderrubias negociaron compensacións económicas polos tramos de monte comunal que atravesarán as canalizacións.

A construción deste ramal vai posibilitar a distribución e subministro de gas natural á vila da Esfarrapada. Grazas ao traballo e xestións realizadas por parte do Goberno Municipal, Salceda vai ter nos próximos meses abastecemento de Gas Natural. Isto vai dar a posibilidade de beneficiarse a máis de 4.000 habitantes, con garantías de libre competencia na contratación do distribuidor, da fonte enerxética que produce menos emisións dentro das denominadas enerxías fósiles, o gas natural.

Máis Infancia

Plantamos árbores co cole.

O CRA Raíña Aragonta, en coordinación coa ANPA Landras, está a participar dende o ano pasado nun plan de reforestación dos montes comunais de Salceda. No 2011 plantaron nos montes de Santa María e este ano veñen de facelo nos montes da Comunidade de Parderrubias. Máis de 250 nenos e nenas de entre 3 e 6 anos gozaron dun día de natureza colaborando cos comuneiros de Parderrubias na plantación de case un centenar de castiñeiros. A ANPA Landras puxo en marcha esta actividade o pasado ano e, grazas a boa acollida que tivo tanto por parte do alumnado como por parte do profesorado e dos pais e nais, decidiu prolongar o programa no tempo e estender a participación a todas as Comunidades de Montes de Salceda.

Actividades coma esta buscan a integración de nenas e nenos co medio ambiente, para que sexan conscientes da súa importancia no seu desenvolvemento como persoas.

Seguimos mellorando os colexios.

O Concello de Salceda de Caselas, a través Concellaría de Ensino, realizou importantes obras de mellora nos centros escolares do municipio. A suma total de todas as melloras ascende a máis de 6.000 euros.

No CRA Raíña Aragonta fíxose a reparación e pintado de paredes. Pintáronse tamén as aulas de San Xurxo e Soutelo e en Soutelo colocouse ademais caucho no patio cuberto. No colexio da Revolta rematouse e acondicionouse o patio exterior. Na unitaria de Budiño realizáronse importantes reformas, dende o pintado de paredes ata a colocación de paneis de cortiza para facilitar que o alumnado expoña os seus traballos. Así mesmo, procedeuse á reparación da rampla e as escaleiras de acceso, espazos que son a un tempo zona de paso e zona de recreo para nenos e nenas. No patio exterior cuberto colocouse ademais caucho. Na escola de Fontán, o que inicialmente ía ser unha obra de pintado, o mal estado das paredes obrigou a facer unha

obra maior. Colocáronse primeiro paneis de cortiza na parte inferior, que presentaba un peor estado, e nas vacacións de Nadal realizouse unha reparación profunda do resto das paredes.

A posta a punto dos colexios é unha prioridade absoluta, traballando en constante diálogo e cooperación co profesorado e cos pais e nais.

Nadal 2012

Máis de 500 participantes percorreron o casco urbano.

O Concello de Salceda puxo en marcha a I Carreira San Silvestre. Todo un éxito!

Un ano máis puidemos contar co tradicional Rancho de Reis.

A Asociación Cultural O Serán está a recuperar a tradición dende hai unha década.

Éxito do Nadal Solidario.

A iniciativa consistiu na recollida de libros e xoguetes co fin de que ningunha crianza quedase sen agasallo no Nadal. Grazas pola vosa solidariedade.

SALCEDA NA HISTORIA DAS SÚAS BANDAS DE MÚSICA

A Banda de Música de Salceda vén de presentar o libro "Salceda en Festa: Historia das bandas de música en Salceda" que reflicte a historia das bandas do Concello dende o ano 1892 ata a actualidade e que contou para a súa publicación coa axuda económica do Concello. Xosé Ramón Paz Antón, autor do libro, fai un repaso das bandas de música que fixeron historia en Salceda, poñendo en valor a nosa riqueza musical e a importancia de saber de onde vimos e por que Salceda vive hoxe un esplendor musical, tendo unha das mellores bandas do País. A obra supón o colofón aos actos celebrados con motivo do 25 aniversario da Banda Cultural de Salceda.

VISITA SALCEDA O GRUPO EUROPEO GRUNDTVIG

Entre o 17 e o 22 de febreiro estiveron de visita pola Eurorexión-Galiza Norte de Portugal un grupo de traballo europeo GRUNDTVIG sobre os Tesouros Humanos Vivos. Este grupo está formado por membros de entidades de Polonia, Grecia, Letonia, Estonia, España e Portugal que traballan co patrimonio cultural inmaterial nos seus países. A anfitrioa da visita foi a Asociación Ponte... nas ondas!, que lles mostrou ao grupo catro expresións representantivas do patrimonio inmaterial galego-portugués. Unha delas foi o Rancho de Reis de Salceda de Caselas, unha das máis singulares mostras do noso patrimonio. O luns de entroido foron recibidos no Concello e mantiveron un encontro con persoas portadoras do Rancho de Reis.

+ info: http://grandtreasures.webnode.cz/

MÁIS DE CEN PERSOAS NO I ROTEIRO "COÑECE O TEU ENTORNO"

No pasado xaneiro realizamos o I Roteiro "Coñece o teu entorno". O obxectivo é fomentar e coidar do medio ambiente en contacto coa natureza e a paisaxe do noso entorno.

Partimos da praza do Concello cara o Faro de Budiño, pasando pola senda do río Caselas. A pesares da subida toda a xente participante, máis de cen persoas dun amplo abano de idades, completou o roteiro. Na metade do percorrido houbo un punto de avituallamento, onde se aproveitou para facer unha parada e gozar da paisaxe. Ademais de ser unha escusa perfecta para realizar actividades de lecer, este roteiro busca fomentar o contacto dentro da nosa veciñanza e coñecer mellor a área que nos rodea e as súas rutas de sendeirismo.

Esta foi a nosa primeira saída, pero estanse organizando roteiros para os vindeiros meses. A inscrición poderá realizarse en omix@salcedadecaselas.es ou secretariaalcaldia@salcedadecaselas.es. Atoparás máis información en www.salcedadecaselas.es e en www.correrengalicia.org

WWW.SALCEDADECASELAS.ES

O Concello de Salceda renova a súa páxina web, cun deseño máis sinxelo e cómodo. Ampliáronse os contidos; incluíndo unha axenda co que acontece no noso concello, ofertas de emprego, cursos e axudas e atendendo tamén aos eventos de centros culturais. Conta con información útil para trámites na administración municipal. Ademais incorpórase ás redes sociais.

ÚNETE AO VOLUNTARIADO

A Concelleira de Voluntariado do Concello de Salceda está a manter reunións para informar da situación actual da VOLSA (Bolsa de Voluntariado Municipal de Salceda) e da nova Lei que acaba de entrar en vigor nesta materia.

O obxectivo é informar das actividades postas en marcha e dos proxectos previstos e incorporar máis xente a rede, con plans de formacións e certificacións do tempo que se destina a estas tarefas altruístas. Neste momento estase a organizar por áreas: voluntariado social, deportivo, medioambiental, eventos e festexos, protección civil,...

Máis información na Oficina de Voluntariado da Casa da Cultura ou na Concellería de Voluntariado (Tenencia de Alcaldía).

Máis Enerxía



BIBLIOTECA NA CASA

O obxectivo é prestar, que cada persoa comparta os libros e DVDs de películas e documentais que teña na casa. A Biblioteca Municipal será a canle de comunicación, a través dunha lista onde figuren os libros a prestar e a persoa que os pode achegar. Ademais é importante que todas aquelas persoas que teñan libros de lectura escolar obrigatoria na súa casa poidan deixalos, evitando así un gasto extra para outras familias.

CIFRAS HISTÓRICAS NA CASA DA CULTURA

As persoas usuarias das computadoras con acceso a internet incrementáronse nos meses de xaneiro a maio, contando en marzo cun máximo histórico de máis de 1.200 persoas. A páxina web da biblioteca ronda aproximadamente as 8.000 visitas mensuais, acadandando en febreiro o máximo de case 12.000. Os/as socios/as da biblioteca ascenderon ata 1.750 no ano 2011 e na aula de lectura hai unha media de 25 persoas diarias. O servizo complétanse con rede wifi e prensa diaria, ademais de exposicións e actividades continuas.



2ª FEIRA SEN CARTOS

A primeira feira do Troco de Salceda realizouse o pasado xaneiro, con moi boa acollida e asegurando a súa continuidade, que pretende ser bimensual.

Esta iniciativa, que se suma á da recollida de xoguetes de Nadal Solidario, nace co obxectivo de darlle unha segunda oportunidade aos obxectos que temos na casa sen usar e que alguén pode necesitar.

Unha feira sen cartos, onde o troco é unha opción sostible, unha maneira de promover o consumo responsable, a reutilización e a reciclaxe.

Xa está en marcha o facebook "Troca Salceda" que as persoas poden usar como escaparate cara o próximo mercadiño. Ademais na Concellaría de Benestar pódese anotar xa quen queira participar na próxima feira, que se celebrará o 18 de marzo na praza do Concello ou no Auditorio Municipal se chove.



APOIO AO EMPREGO

Salceda contou ata o 31 de xaneiro cun servizo de Orientación Laboral, a través dunha subvención da Consellería de Traballo e Fondo Social Europeo. Este servizo estaba dirixido as persoas que precisaban información, orientación e busca de emprego e traballou en concordancia co Técnico de Emprego co que sempre conta o Concello.

O Concello volve solicitar a través desta mesma subvención a renovación deste Servizo tan demandado nesta época de crise e poder así iniciar novas accións encamiñadas a desenvolver o tecido empresarial. Este servizo axuda por una banda ás persoas emprendedoras e por outra facilita ás empresas xa constituídas toda a información que precisen para manterse activas no mercado. Sen esquecer as persoas desempregadas, con formación e axuda en todos os trámites para a súa incorporación ó mercado laboral.

Todas as ofertas de emprego e formación están dispoñibles tamén en www.salcedadecaselas.es

TALLERES DE MEMORIA PARA A TERCEIRA IDADE

O programa vai dirixido a persoas maiores de 60 anos do Concello, que teñan autonomía na vida cotiá. Trátase de diferentes actividades encamiñadas a potenciar a memoria como recurso para mellorar a calidade de vida. É decir, obradoiros para activar a memoria a través de actividades de cálculo, orientación, xogos, charlas... Tamén é importante ter en conta outro aspecto desta actividade que é favorecer e manter unha rede de relacións persoais coñecendo xente a través destas xornadas de convivencia. En definitiva, o taller de memoria é unha oportunidade para coñecer, exercitar, desenvolver e gozar da nosa memoria.

As actividades realizaranse nos meses de marzo, abril e maio e comezan o 1 de marzo no Centro de Servizos Sociais de A Devesa. Un proxecto que se leva a cabo grazas a colaboración coa Concellería de Benestar da oficina de La Caixa en Salceda.

Dende o Concello preténdese dar continuidade a este tipo de programas coa axuda do Voluntariado de Acción Social da Bolsa de Voluntariado do Concello de Salceda (VOLSA). Dende a Concellería de Voluntariado estase notando un aumento da colaboración neste ámbito e os Servizos Sociais tamén demandan cada vez máis este tipo de accións voluntarias.

SALCEDA EN EXPOURENSE

O Concello de Salceda participou por segundo ano consecutivo na feira Xantar celebrada a primeira semana de febreiro no recinto feiral de Expourense. Esta feira está destinada á potenciación do turismo e da gastronomía. O Concello de Salceda participou cun stand no que estivo presente a Festa dos Callos, o tradicional Entroido salcedense ou a Mostra da Camelia entre outros. O Concello contou coa colaboración de Frigolouro, que ofreceu unha degustación gratuíta de callos. Ademais 55 persoas da nosa veciñanza, achegáronse a Xantar nun autobús fletado polo Concello, para gozar da degustación e da feira en xeral.

Máis Enerxía

REUNIÓN DAS TRAÍDAS

Salceda de Caselas conta actualmente con 15 traídas de augas dirixidas por entes privados, contando algunhas das parroquias con máis de tres traídas, polo que a súa xestión é de vital importancia para un uso axeitado da auga.

A Asociación para a Comunidade Xeral de Augas de Galicia "Coxapo" reuniuse en xaneiro cos presidentes das traídas de auga do Concello de Salceda, na Casa da Cultura, coa fin de manter informados ás persoas asistentes acerca do RD 140/2003, que recolle a integración da lei con respecto ao canon de auga.

Esta asociación tenta dar asesoramento ás traídas para resolver os conflitos que poidan existir nestas comunidades. Falouse principalmente da importancia da colocación dos contadores de lectura para controlar os consumos, dos protocolos sanitarios que debe de pasar cada comunidade e como actuar en caso de alarma. Por último, incidiuse no seguro de responsabilidade civil, do que prescinden gran parte das comunidades, pero moi importante para garantir a protección das directivas e abonados ante calquera accidente ou emerxencia.

Máis Enerxía

"PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO DO ALUMEADO MUNICIPAL"

O Concello de Salceda ten en marcha un plan que suporá un aforro do 40% en 162 luminarias das rúas da vila. O obxectivo é reducir o gasto de máis de 450.000 € ao ano en alumeado público, case un 10% do orzamento municipal. Urxe controlar o custo das máis de 5.500 luminarias que existen repartidas por todo o concello.

Por unha banda executouse o Proxecto de Centralización e Xestión do gasto enerxético nas rúas da vila. O proxecto conta cun orzamento de 100.000 €, dos que 65.000 foron financiados pola Consellaría de Industria a través do Programa de Subvencións a Proxectos de Aforro e Eficiencia Enerxética 2010. Mediante unha conexión informática pódese controlar a hora de acendido e apagado, ou entrar en modo de baixo consumo. Isto permite proporcionar os niveis óptimos de iluminación ás diferentes zonas, en función do tráfico, tipo de núcleo, etc.

Por outro banda, estanse a analizar o alumeado dos barrios de todo o rural para poder decidir que puntos de luz se poden eliminar. Con estas medidas búscase a racionalización do servizo e a concienciación cidadá, xa que o aforro conseguido vainos permitir trasladar partidas orzamentarias aos servizos sociais.

128.000 euros PARA AS ASOCIACIÓNS

A Xunta de Galicia eliminou no 2011 a totalidade de axudas culturais tanto para os Concellos como para as asociacións, pero o Concello de Salceda de Caselas fixo un enorme esforzo, a pesares da crise, por manter as mesmas axudas que no ano 2010.

As axudas ascenden a 128.000 € repartidos entre 22 entidades.

- 48.600 € en cultura: 1.500 € para cada Centro Cultural, 1.100 € recibe cada Coro, 2.200 € para os entroidos da Feira e Barreiro e 30.000 € para a Asociación Amigos da Música.

- 68.800 € investidos en deporte: 30.000 € para o Caselas F.C., 6.500 € para o Baloncesto e Balonmán Caselas, 600 € para o C.C. Aragonta, 300 € para o Club de Xadrez Altamira e 25.000 € para Escolas Deportivas Municipais.

- 6.300 € en educación, dos que 4.200 € foron para o IES Pedras Rubias e 2.100 € para o CEP Altamira e 5.000 € para a Asociación de Xubilados e Pensionistas.

UNHA SENDA CHEA DE VIDA POLO RÍO CASELAS

Un novo proxecto de senda verde na marxe do río Caselas vai ser posible grazas ao financiamento da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, que ascende a unha contía de 145.889,06 €. Este "Proxecto de Recuperación Ambiental e Senda Peonil no Río Caselas T.M. De Salceda de Caselas" foi aprobado por dito organismo o 29 de setembro do 2011 e na actualidade está en proceso de licitación.

O novo tramo conectará a senda do Río Caselas xa existente, que vai dende o Rubal ata As Pontes cunha extensión de 2.300 metros, coa nova senda que contará cunha extensión de 1.160 metros de lonxitude e que albergará o tramo comprendido entre As Pontes ata As Regadas.

O Goberno Municipal xa puxo a disposición os terreos que formarán parte da nova senda, un total de 126 parcelas a cuxos propietarios agradecemos a súa colaboración.

A liña de actuación consistirá por unha banda na obra civil a realizar, unha plataforma dous metros de ancho, mantendo un bordo de pedra Gris-Salceda, a construción de varias pasarelas de madeira que faciliten a accesibilidade a todo o percorrido e a execución de pavimento adoquinado no cruzamento co vial da Paxariña.

Por outra banda, o obxectivo é incrementar o valor ecolóxico do río coa eliminación nas marxes de especies invasoras, a plantación de árbores de ribeira e a eliminación de vertedoiros incontrolados de lixo que recuperen as especies que conforman o hábitat ripícola como son o salgueiro, amieiro, etc e coa presenza dun sotobosque conformado por fentos femia, fentos reais, etc. Con isto búscase a recuperación da fauna autóctona deste tipo de ecosistemas: troitas, ras, serpes de río, etc.

Máis Natural

Concello de Salceda de Caselas